

ÍNDICE

Presentación	11
Dedicatoria a Arsène Houssaye.....	15
A maneira de Prólogo	17
Grupo de 1855.....	19
I. O solpor da tarde	19
II. A soidade	21
Grupo de 1857.....	23
III. Un hemisferio nunha cabeleira	23
IV. A invitación á viaxe.....	24
V. Os proxectos.....	26
VI. O reloxo	28
Grupo de 1861.....	30
VII. As multitudes	30
VIII. O vello saltimbanqui	31
IX. As viúvas.....	33
Grupo de 1862.....	37
X. A muller salvaxe e mailo amante	37
XI. Á unha da madrugada	39
XII. O estranxeiro	40
XIII. A desesperación da vella	41
XIV. O Bufón e maila Venus	41
XV. O can e mailo frasco.....	42
XVI. O mal vidreiro	43

XVII. O confiteor do artista	46
XVIII. Un gracioso	47
XIX. O cuarto dobre	47
XX. Cadaquén coa súa quimera.....	50
XXI. Os dons das fadas	51
XXII. O pastel.....	53
XXIII. O xogueto do pobre	56
Grupo de 1863.....	58
XXIV. Cal é a verdadeira	58
XXV. Os favores da lúa.....	58
XXVI. As tentacións de Eros, Pluto e maila Gloria	60
XXVII. Unha morte heroica.....	63
XXVIII. O tirso	67
XXIX. Desexos de pintar	69
XXX. As fiestras.....	70
XXXI. Xa?.....	71
Grupo de 1864.....	73
XXXII. Embriagádevos.....	73
XXXIII. O xogador xeneroso.....	73
XXXIV. A corda	77
XXXV. As vocacións.....	81
XXXVI. A fermosa Dorotea	84
XXXVII. Os ollos dos pobres	86
XXXVIII. A moeda falsa.....	88
XXXIX. O espello.....	90
XL. O porto	90
Grupo de 1865.....	91
XLI. Os cans bos	91
XLII. Un pura raza	95

Grupo de 1867	97
XLIII. Retratos de amantes.....	97
XLIV. Any Where Out of the World.....	101
XLV. O campo de tiro e mailo cemiterio.....	103
Poemas publicados na edición póstuma	105
XLVI. Batamos nos pobres	105
XLVII. A señorita Bisturí	107
XLVIII. Perda de auréola	111
XLIX. O tirador galante.....	112
L. A sopa e mailas nubes.....	112

PRESENTACIÓN

O 15 de xaneiro de 2005, a Fundación Plácido Castro, dependente do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), outorgou, ex-aequo, o Premio de Tradución Plácido Castro a Xela Arias, pola súa versión de *O spleen de París. Pequenos poemas en prosa*, de Charles Baudelaire, e a Moisés Rodríguez Barcia, pola tradución de *O asasinato considerado como unha das belas artes*, de Thomas de Quincey. «O obxectivo deste premio é destacar a calidade da tradución dos clásicos da literatura universal que a biblioteca BIVIR publica periodicamente na súa páxina web (www.bivir.com) como unha iniciativa que pretende a un tempo colaborar no proceso de normalización da lingua do país e contribuír a enriquece-lo universo literario galego mediante a versión dos autores consagrados que escribiron noutras linguas», segundo palabras da acta da concesión do premio de Tradución Plácido Castro 2004¹. BIVIR é, como se di na web da Asociación de Tradutores Galegos (ATG), un proxecto «[...] que pon en galego as obras da literatura universal libres de dereitos, que calquera pode descargar gratuitamente en formato PDF[...]»².

Dezaseis anos despois da concesión deste galardón, este 2021, o Día das Letras Galegas dedícase a Xela Arias, cadrando no tempo co bicentenario do nacemento de Charles Pierre Baudelaire (9-IV-1821/31-VIII-1867), polo que EDICIÓN S LAIOVENTO considerou que esta tradución do poeta francés realizada por Xela Arias pagaba a pena se editase en papel, en homenaxe a dous poetas mortos en plena madurez creativa.

1 https://www.igadi.gal/fundacion_placido_castro/pt2004_acta_xurado_premio_traduccion_2004.htm, consultado o 9 de febreiro de 2021.

2 <http://tradutoresgalegos.com/>, consultado o 9 de febreiro de 2021.

O spleen de París. Pequenos poemas en prosa, foi un libro póstumo, armado ou montado por dous amigos do poeta: Charles Asselineau e Théodore de Banville. Os «pequenos poema en prosa» estaban dispersos en diversas revistas en que se publicaran, outros, moi poucos, ficaran inéditos, ao ser rexeitada a súa publicación pola revista a que os enviara Baudelaire (*La Presse*, dirixida precisamente por aquel a quen están dedicados estes poemas), e figuraban entre os papeis do poeta. Logo de recompilados os poemas, Asselineau e Banville seguiron, segundo as súas propias palabras, a orde que establecera o propio autor cara a 1865³ e publicaron en 1869 a edición d'*O spleen de París* que, logo dalgunhas revisións (a supresión do epílogo, p. e –que na presente edición vai «Á maneira de prólogo»– ficou como canónica⁴.

Como adoita acontecer, anos despois a versión, a «orde» canónica foi discutida. Foi case un século despois da aparición da primeira edición d'*O spleen de París*: en 1966, o Club Français du Livre publicaba, en tres volumes, as obras completas de Baudelaire, en edición de Yves Florenne. Florenne ordenou cronoloxicamente –é dicir, por orde de aparición en diferentes revistas – os poemas, e non só os d'*O spleen*, senón tamén os d'*As flores do mal*, pero a «popularidade» da nova edición dos poemas chegou anos despois, cando foi publicada en 1973 polo «Livre de poche». Engadamos que tamén publicou por orde cronolóxica os escritos en prosa.

3 Na Bibliothèque littéraire Jacques Doucet, dependente da Sorbona, existe un manuscrito de Baudelaire, «un sumario sen título cuxa orde corresponde á táboa de materias desta edición», Claude Pichois, «*Le Spleen de Paris*. Texte de 1869. Notice», in Charles Baudelaire, *Oeuvres Complètes* 1, París, Gallimard, Bibliothèque de la Pléiade, 1983, p. 1306.

4 Os proxectos baudelerianos foron, se así se pode dicir, case que infinitos: novelas, pezas teatrais, novos poemas, etc.; entre este proxectos había o de novos poemas para *O spleen de París*. Na lista que compuxo o poeta, cos títulos dos poemas, estes están numerados do 48 ao 112. Seica a súa intención era escribir tantos poemas en prosa como poemas compuñan *As flores do mal*. Ver Charles Baudelaire, *Oeuvres Complètes* 1, *op.cit.*, p. 368-370.

Non obstante, hai que afirmar que poucas edicións d’*O spleen de París* seguiron esta nova ordenación. Que saibamos nós, só a versión bilingüe francés/español destes poemas, editada e traducida por Alain Verjat, e publicada en 1975 por Bosch Editores na colección Erasmo, segue esta edición cronolóxica, edición que con pequenos cambios publicou a barcelonesa Editorial Icaria en 1987. Foi a partir da edición cronolóxica, non sabemos cal exactamente, que Xela Arias realizou a súa tradución ao galego.

A NOSA EDICIÓN

Reproducimos os poemas traducidos na orde que aparece na páxina web da AGT –orde, como dixemos no parágrafo anterior, cronolóxica– e corriximos os erros de «picado». Polo que respecta á lingua, pequenas correccións seguindo as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, aprobadas polo plenario da Real Academia galega o 12 de xullo de 2003. Corrixíuse a transcripción dos cardinais (vintecatro: *vinte e catro*, etc.); algunhas palabras que conservan a forma con solución patrimonial (*diferenza*, *graza*, *servizo*, etc.); adaptáronse ás normas os grupos consonánticos *ct* (producto: *produto*; vítima: *vítima*, etc.) e *cc* (deducción: *dedución*; destrucción: *destrución*); corrixíuse súpeto/súpeta cando ten valor de adxectivo, por *súbito/súbita*, manténdose, porén, sempre a locución adverbial *de súpeto*. Tamén se adaptaron ás normas os signos de interrogación e admiración. Mantivemos, porén, as locucións *non embargante* e *sen embargo*, non admitidas nas normas. Outras correccións, mínimas, indícanse a pé de páxina.

Finalmente, digamos que engadimos á tradución unha serie de notas que só queren ser informativas. Todas as notas son nosas.

Xesús González Gómez